

NORMATIVA DEROGADA

A problemática xurdida respecto á información confusa e incluso enganosa realizada por promotores de actividades que a Universidade de Santiago de Compostela non ten recoñecidas como créditos de libre elección, é preciso establecer medidas orientadas a protexer ós alumnos ante estas situacións.

É por isto que a Comisión de Ordenación Académica e Profesorado (COAP) na súa sesión do 11 de decembro de 2003

ACORDA

PRIMEIRO.- No prazo máximo dun mes deberá estar en funcionamento o sistema informático que permita ós alumnos coñecer as actividades autorizadas para ser imputadas como créditos de libre elección para cada titulación a través da páxina web da universidade.

SEGUNDO.- Na publicidade de calquera actividade deberá constar claramente para que titulacións é aplicable o recoñecemento.

TERCEIRO.- Os organizadores e os profesores que figuren como responsables académicos de calquera actividade da que se faga publicidade como recoñecible con créditos de libre elección por parte da USC sen o dito recoñecemento, ou ben se a autorización concedida non coincide coa publicada, quedarán inhabilitados para realizar propostas de recoñecemento durante 3 anos, sen prexuízo doutras medidas que puideran ser adoptadas.